



XUNTA DE GALICIA

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Anuncio

ACORDO do 16 de xullo do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Pedrafita do Cebreiro (Expediente: IN407A 2023/280-2)

Con data 28 de marzo de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se reconece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "Regulamentación LMTA TTL811 no tramo entre os apoios núms. 170-6 e núms. 170-17 (Pedrafita do Cebreiro)", no concello de Pedrafita do Cebreiro.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Pedrafita do Cebreiro deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia de 5 de setembro do 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 11 de setembro de 2024, para que comparezan o día **9 de outubro de 2025 no concello de Pedrafita do Cebreiro** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Pedrafita do Cebreiro estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 16 de xullo de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

"Regulamentación LMTA TTL811 no tramo entre os apoios núms. 170-6 e núms. 170-17 (Pedrafita do Cebreiro)", no concello de Pedrafita do Cebreiro.

(Expediente: IN407A 2023/280-2)

Finca	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
2	28	690	Mazmorra	Monte baixo	Monte Proindiviso de Veiga das Forcas	09.10.2025	12:00

R. 2290

Anuncio

ACORDO do 16 de xullo do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Becerreá. (Expediente: IN407A 2023/64-2)

Con data 26 de marzo de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada “Adecuación CT Lago – 27C953 (Becerreá)”, no concello de Becerreá.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Becerreá deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia de 11 de outubro do 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 5 de outubro de 2023, para que comparezan o día **9 de outubro de 2025, no concello de Becerreá** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Becerreá estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 16 de xullo de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

“Adecuación CT Lago – 27C953 (Becerreá)”, no concello de Becerreá.

(Expediente: IN407A 2023/64-2)

Finca	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
1	53	13	Lameiros	Monte baixo	Monte veciñal Tras do Teso	09.10.2025	10:00
2	98	1697	Encima das Cortiñas	Monte baixo	Monte veciñal Tras do Teso		

R. 2291

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**Anuncio**

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: VIVEIRO

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 9 de setembro de 2025

Lugo, 5 de agosto de 2025.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

CONCELLO DE VIVEIRO**INFORME DE ENDEREZOS dos predios expropiados con motivo das obras de**

“MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)” para Pagos de Xustiprezo

CLAVE LU/19/165.10

PROPIETARIO		PREDIOS
CAJETE MENDEZ	PLACIDA	2.30
LG NOGARIDO - PQ MERILLE Nº2	OUROL 27866	
CASARIEGO RODRIGUEZ	MANUEL	2.7, 2.8
PINO MONTERO	MARIA CARMEN	
RU LODEIRO Nº28 ESC.:1 4ªA	VIVEIRO 27850	
FERNANDEZ RIVERA	JESUS	2.22, 2.9
RUA OTERO PEDRAYO Nº2 ESC.1 6ºC	VIVEIRO 27861	
GIL OTERO	MERCEDES	2.19
GIL OTERO	MARITE	
LG VILARES - PQ MERILLE Nº17	OUROL 27866	
LOPEZ LOSADA	MANUEL	2.4
LOPEZ LOSADA	ENRIQUE	
LGAR. MONTOUTO 3	OUROL 27865	
PEREZ RAMOS	TERESA	2.29
LG MIÑOTOS-CAXOTO	OUROL	27866
REBELLON BASANTA CB	BEATRIZ (HROS.DE)	1.9, 1.14, 1.15, 1.21
AV LINARES RIVAS Nº5 6º	A CORUÑA 15005	

R. 2292

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: OUROL

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 9 de setembro de 2025

Lugo, 5 de agosto de 2025.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

CONCELLO DE OUROL**INFORME DE ENDEREZOS dos predios expropiados con motivo das obras de**

“MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)” para Pagos de Xustiprezo

CLAVE LU/19/165.10

PROPIETARIO		PREDIOS
CHAO GONZÁLEZ	SANDRA	5.26
CHAO GONZÁLEZ	NATALIA	
C/ LAVANDEIRAS - CELEIRO, Nº 31	VIVEIRO 27863	
CHAO RODRIGUEZ	RAQUEL	5.35
RU CASTELOS Nº5 ESC.2 SM C	VIVEIRO 27861	
FERREIRO SOTO MARIA	TERESA	5.1
RU ABELEIRAS Nº9	OLEIROS 15178	
GONZALEZ CAJETE	MARIA CARMEN	3.10, 3.9
AV GENEROSA VILLALBA Balsa Nº2	XOVE 27870	
LAMELAS CAO	JAVIER	3.5
CASANOVA, Nº 35 - CELEIRO	VIVEIRO 27863	
MAGAÑA ALFONSO	JAIME	5.2
CL SANTA TERESA DE JESUS Nº59	VILLANUEVA DE LA CAÑADA 28691	
MAGAÑA BUSUTIL	JUAN BAUTISTA ANTONIO	5.3
ALFONSO TRINIDAD	ANA	
LG COLVIÑOS, OS - PQ OUROL Nº 2	OUROL 27865	
VAZQUEZ PERNAS	ANGEL	4.1
LG CASQUIDO Nº75	PONTEDEUME 15609	
VILA CAJETE	MARIA ANGELES	3.3, 3.4, 3.2
CASANOVA - CELEIRO Nº35	VIVEIRO 27863	

VILA VAZQUEZ JOSE RAMON 3.8, 3.1
LG NOGARIDO - PQ MERILLE Nº2 OUROL 27866

R. 2293

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: MURAS

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 9 de setembro de 2025

Lugo, 5 de agosto de 2025.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

CONCELLO DE MURAS**INFORME DE ENDEREZOS dos predios expropiados con motivo das obras do**

“MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)” para Pagos de Xustiprezos

CLAVE LU/19/165.10

PROPIETARIO		PREDIOS
CARBALLES PENABAD	MANUEL	7.5, 7.2
CARBALLES PENABAD	JESUS	
CARBALLES PENABAD	SARA	
PALEIRA Nº 5	MURAS 27836	
GOMEZ GARCIA	MARIA CARMEN	6.9
AV ORTIGUEIRA Nº23 - 2º DER	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	15320
PERMUY GARCIA	ANTONIO	6.12
PERMUY GARCÍA	DOLORES	
LG FURCO - PQ MURAS Nº3	MURAS 27836	

R. 2294

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE***Anuncio*

CORRECCIÓN DE ERRO DO ANUNCIO PUBLICADO NO BOP DO 07/08/2025 Nº 180 DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA PROXECTOS DE INVESTIMENTOS QUE PROMOVAN A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

Detectado erro no anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 180 do día 7 de agosto de 2025, dáse novamente publicidade, na súa integridade, da resolución provisional da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para proxectos de investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, concedendo un novo prazo de 10 hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, para presentar alegacións.

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA PROXECTOS DE INVESTIMENTOS QUE PROMOVAN A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para proxectos de investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 1 de agosto de 2025, acordou:

Primeiro. Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para proxectos de investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, que se mencionan nas listaxes que se anexan, sen a desestimación de ningunha das solicitudes de subvención, de acordo cos criterios reflectidos na base 9 da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións.

LIÑA 10.2 RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO

1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

					VALORACION (MÁX. 30 PUNTOS)								TOTAL SUBV. CONCEDIDA (€)
Nº	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE SOLIC. (€)	PROXECTO	MEMBRO ORG. PART. (7 PUNTOS)	CUMPR PLAN ACCIÓN (5 PUNTOS)	CALIDADE E INTERESE (5 PUNTOS)	POBOAC. (5 PUNT)	PROMOC (3 PUNT)	DIA RB (2 P)	VALORACIÓN SOCIAL (3 PUNTOS)	TOTAL	
1	CENTRO RECREATIVO CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE	***1236**	2.099,35	C.I. Muíño do Pan de Baamonde 2025 (audiovisual, audioguías, dixitalización documentación, integración na web, panel informativo)	0	5	5	4	3	2	3	22	2.099,35
2	ASOC DE VECIÑOS SAN MARTIÑO DE RÍO	***5135**	4.526,47	Poñer en valor o patrimonio cultural do colexio de Río, local social da Asociación de Veciños (instalación foxa séptica e estufa de pellets)	0	5	3	4	1	0	3	16	4.526,47
3	ASOC. DEPORTIVA RÍO LADRA	***1634**	11.976,53	Actuacións de acondicionamento e recuperación dun primeiro tramo do caneiro "Sandin" como posta en valor do patrimonio cultural, paisaxístico e etnográfico do río Ladra (actuacións silvícolas e recuperación caneiro con estrutura de mampostería ordinaria)	7	3	5	3	3	2	3	26	11.976,53
4	ASOC. AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE	***3292**	2.573,55	Adquisición de equipamento para o control de capacidade de carga de rutas de sendeirismo no concello de Castroverde (adquisición e instalación contadores, panel divulgativo)	7	5	3	4	3	2	3	27	2.573,55
5	MORCEGOS DE GALICIA	***3166**	2.279,64	Adquisición de material inventariable para o estudo da presenza do nóctulo xigante <i>Nyctalus lasiopterus</i> e outras especies ameazadas de morcegos en bosques culturais da Reserva da Biosfera Terras do Miño (microchips, lectores de chips, pack de redes para captura, pao telescópico, toldo, kit arnés, detectores ultrasóns)	7	5	5	4	2	2	3	28	2.279,64

6	UNIÓN DE RADIOAFICIONADOS ESPAÑOLES DE LUGO	***1562**	2.100,00	Dotación de equipamento (mobiliario, ofimática, etc.) para local social (proxeitor, ordenador, estanterías, alumeados)	0	5	3	1	3	2	3	17	2.100,00
7	SOCIEDADE MICOLOXICA LUCUS	***2729**	4.678,00	Adquisición dunha cámara microscópica dixital co seu software e adaptadores para o estudo da micobiota da Reserva da Biosfera Terras do Miño	7	5	3	1	3	3	0	22	4.678,00
8	ASOC. GALICIA RURAL	***5183**	6.350,00	A Casa Vella - Centro Cultural (recuperación casa tradicional, exposición permanente)	0	5	3	3	2	0	3	16	6.350,00
9	ASOC. VECIÑAL DE MOR	***5077**	2.161,25	Sinalización dos barrios da parroquia de Mor (Alfoz): recuperación da toponimia e identidade local (15 sinais)	0	3	3	5	3	0	3	17	2.161,25
10	ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	***3476**	4.500,00	Reposición dos paneis informativos das especies do xardín botánico da escola da Liga Santaballeza, recuperación de elementos de sinalización do roteiro de sendeirismo "Señardades" que ou ben se atopan moi deteriorados ou desaparecidos ou recuperación de algúns tramos de difícil acceso	0	5	3	2	3	0	3	16	4.500,00
11	ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	***3927**	8.453,76 €	Mellora do Centro de Interpretación Casa das Insuas (instalación estufa, iluminación, literas e colchóns)	7	3	3	5	1	0	3	22	8.453,76
													51.698,55 €

2. Listaxe solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima da 1ª fase da valoración

Non hai.

LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES

1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

				VALORACION (MÁX. 30 PUNTOS)									
Nº	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE SOLIC. (€)	PROXECTO	MEMBRO ORG PART. (7 PUNTOS)	CUMPR PLAN ACCIÓN (5 PUNTOS)	CALIDADE E INTERESE (5 PUNTOS)	POBOAC. (5 PUNT)	PROMOC (3 PUNT)	DIA RB (2 P)	VALORACIÓN SOCIAL (3 PUNTOS)	TOTAL	TOTAL SUBV. CONCEDIDA (€)
1	ASOC. VECIÑAL IRMANDADE NAVIEGA	***5161**	2.735,00	Adquisición dunha plataforma multifuncional e modular	7	5	3	5	3	0	3	26	2.735,00
2	ASOCIACIÓN CULTURAL DEIQUI	***7489**	2.000,00	Adquisición de material de flocore da Comarca de Ancares (1 bombo, 1 tambor, 2 pandeiras, 2 pandeiros, 2 pandeiretas, 1 cañón de aire, 2 espellos)	0	3	3	5	3	0	3	17	2.000,00
3	ASOC. CULTURAL DEPORTIVA CHAO DE SEBES	***4543**	11.380,05	Restauración sede sociocultural Museo Centro de Interpretación (substitución e acondicionado de solos de madeira e vigas do inmovle)	7	3	3	4	2	0	3	22	11.380,05
4	ASOC. TEITOS DE PIORNEDO	***5033**	5.287,70	Teitado na Casa de Perdígón (teitado con palla de palloza en Piornedo)	7	3	3	5	1	0	3	22	5.287,70
5	ASOC. CULTURAL E DE VECIÑOS O TEIXEIRO DE PIORNEDO	***0382**	5.636,21	Reparación da fachada e eliminación de humidades no local social (pintado do local exterior e pintado da fachada interior)	7	3	3	5	1	0	0	19	5.636,21
6	ASOCIACIÓN TERRITORIO VERDE	***2064**	2.931,23	Adquisición de peches de seguridade de gando, para cesión a gandeiros e usos da Asociación (30 cancelas de valado para animais)	7	3	5	5	2	2	3	27	2.931,23
7	ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	***3927**	4.047,27	Adquisición de material científico para o inventariado da biodiversidade da Reserva da Biosfera Ancares Lucenses (microscopio dixital, soporte e accesorios)	7	3	3	5	2	0	0	20	4.047,27
													34.017,46 €

2. Listaxe solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima da 1ª fase da valoración

Non hai.

De acordo co punto 10 CONCESIÓN E COMUNICACIÓN das bases da convocatoria, respecto ao acordo de concesión provisional:

“Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 (LPACAP), o acordo de resolución provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP.

Así mesmo o acordo de concesión provisional tamén será obxecto de publicación na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.

Se neste prazo algún interesado presentase a súa renuncia á subvención concedida nesta concesión provisional, o crédito que quede dispoñible poderá repartirse entre o resto de solicitantes propostos provisionalmente como beneficiarios/as dunha subvención. Este reparto realizarase proporcionalmente aos puntos acadados por cada un na valoración da súa solicitude, respectando o importe mínimo e máximo establecido nesta convocatoria, así como o importe da subvención solicitada por cada entidade.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Así mesmo o citado anuncio tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal.”

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá recurso ningún en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Lugo, 8 de agosto de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, P.S. A Secretaria-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Montserrat Conde López.

R. 2317

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 10/2025 NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO DO CONCELLO DE CASTROVERDE DO ANO 2025.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria do 3 de xullo de 2025, de aprobación do expediente de modificación de créditos num. 10/2025, do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario con cargo a remanente de tesourería, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

CAPITULOS	IMPORTE
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	704.269,32
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	2.112.110,33
CAPÍTULO III: Gastos Financeiro	0
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	113.100
CAPÍTULO VI: Investimentos reais	1.467.196,44
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	25.450
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	0
TOTAL	4.422.126,09

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castroverde, 6 de agosto de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2295

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 16/2025 CE 01/2025), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 23/08/2025 por importe de 14.207,83€, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
920.609	Fondos propios.- Previsión de concesión de subvención GDR 2025 (PRAZA DO CONCELLO)	5.737,50
241.39190	Distribución de gastos adicionais do Obradoiro de Emprego Sillor X	8.470,33
TOTAL		14.207,83

ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

Partida ingresos	Descrición	Importe
87000	Remanente líquido de tesoureira	14.207,83
TOTAL		14.207,83

Folgoso do Courel, 6 de agosto de 2025.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2296

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 12/2025 SC 01/2025), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 03/07/2025 por importe de 104.907,83€, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

APLICACION ORZAMENTARIA	EXPEDIENTE MUNICIPAL	CONCEPTO	IMPORTE
172.131	148/2025	Retribucións APROL RURAL 2025 (Liquidacións por fin de contrato)	2.409,80
172.624	96/2025	Fondos propios.- Subvención Compensacion Ambiental individual (Adquisición mini excavadora)	10.000,00
172.462	96/2025	Fondos propios.- Subvención Compensación Ambiental conxunta	4.700,00
172.22799	134/2025	Campo voluntariado 2025	1.500,00

161.213	124/2025	Subvención Auditoría Abastecementos 2025	2.299,00
172.466	241/2025	Transferencia a efectuar á Asociación Montañas do Courel (Xeoparque) da anualidade 2025	15.000,00
334.22609		Gastos de promoción cultural e publicidade	8.000,00
337.609	200/2018	Obras de construción da área recreativa de Mogoxe. Praia fluvial.	42.026,43
334.22609	116/2025	Campamento de veran. Plan corresponsabilidade no ámbito local	872,60
920.23120		Dietas Locomoción	1.500,00
920.23020		Dietas de los Tribunales de selección	1.500,00
160.22794		Vaciado e arranxo depuradora Folgoso	10.000,00
172.22799	336/2025	Protectora de animais	2.100,00
341.22609		Transporte piscina nenos	3.000,00
TOTAL			104.907,83

ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

APLICACION ORZAMENTARIA	DESCRIPCION	IMPORTE
870.00	Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais	104.907,83
TOTAL		104.907,83

Folgoso do Courel, 6 de agosto de 2025.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2297

OUIROL*Anuncio*

O Sr. Alcalde-Presidente asinou o Decreto nº 2025-0338, de data cinco de agosto, que literalmente di:

“DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUIROL, PROVINCIA DE LUGO.

En exercicio das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e a Disposición Adicional 2ª parágrafo 9º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local, as atribucións que deseguido se relacionan:

- O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o dez por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordear pagamentos e render contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Aprobar a oferta de emprego público de conformidade co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que a devandita facultade estea atribuída a outros órganos.

- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millón de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A potestade sancionadora en materia urbanística baseándose no artigo 222.1 da LOUG.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao concello e non o atribúan a outros órganos municipais.

A devandita delegación comprende as facultades de resolver procedementos administrativos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO: A presente delegación de atribucións surtirá efectos dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

TERCEIRO: Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Ourol, 5 de agosto de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2298

VILALBA

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), expónse ó público, a aprobación do acordo regulador do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Vilalba (Ordenanza número 74), que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **31/07/2025**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 5 de agosto de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2321

XOVE

Anuncio

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL XOVE CONCILIA

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acadado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 16 de xuño de 2025, sobre modificación do REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL XOVE CONCILIA, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

PREÁMBULO

Pode definirse a igualdade como aquel principio que concede idénticos dereitos a todos os seres humanos con independencia da súa raza, sexo, relixión, condición social, ideoloxía ou circunstancias persoais.

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un principio básico e fundamental que recoñece a Constitución Española. Deste xeito, o seu artigo 1.1 establece a igualdade como valor superior do ordenamento xurídico, e o seu artigo 9.2 formula o mandato expreso aos poderes públicos para que a fagan efectiva, prohibindo no seu artigo 14 calquera discriminación por razón de sexo.

Porén, mentres a sociedade continúa aferrándose a valores tradicionais e limitadores da liberdade das persoas, normalmente mulleres, as discriminacións tamén continuarán existindo, resultando especialmente preocupante a violencia contra as mulleres, que se constitúe como unha das principais trabas para lograr a igualdade de xénero real.

O Concello de Xove, mantén un compromiso coa igualdade de oportunidades coa aprobación dos seus sucesivos Plans de Igualdade, así como coa incorporación de medidas de acción positiva co obxectivo de modificar as actuacións discriminatorias e facer presión para a eliminación dos obstáculos que impiden a participación das mulleres en igualdade de condicións que os homes en calquera ámbito da vida. A lóxica destas medidas de acción positiva deriva do recoñecemento de que a desigualdade das mulleres baséase na súa identidade de xénero.

Así mesmo, os distintos Plans Estratéxicos de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, aprobados pola Xunta de Galicia, foron establecendo os seguintes obxectivos:

- Avanzar nunha organización da sociedade sensible e favorable á igualdade entre mulleres e homes, como motor do cambio social e de progreso, na que todas as persoas na súa diversidade poidan desenvolver libremente os seus proxectos de vida.
- Transformar os valores que perpetúan a desigualdade desde a educación, principalmente a través da ruptura dos estereotipos de xénero preponderantes.
- Eliminar as brechas de xénero que persisten nos distintos eidos, en particular as que obstaculizan a plena autonomía das mulleres: as desigualdades no ámbito laboral e as dificultades para a conciliación da esfera profesional e a vida privada, en ausencia de corresponsabilidade.
- Acadar a plena participación social das mulleres e incrementar a súa presenza nas esferas de decisión e influencia.
- Impulsar o talento feminino e visibilizar as contribucións das mulleres nos distintos eidos, con especial consideración do ámbito da ciencia e da investigación.
- Contribuír ao benestar de todas as mulleres e á cohesión social, nomeadamente das mulleres en situación de discriminación múltiple, e incidir de xeito especial na eliminación dos obstáculos que agravan as desigualdades das mulleres rurais e do mar.
- Articular unha resposta institucional efectiva para a erradicación da violencia de xénero en todas as súas formas.

A conciliación e a corresponsabilidade nos usos do tempo é un dos eixes transversais dos ditos plans de intervención establecendo o reto de avanzar nunha organización social favorable á conciliación corresponsable e a un cambio cultural nos usos do tempo que permita que mulleres e homes compaxinen en igualdade a esfera privada e a profesional.

Deste xeito as Administracións públicas con competencias na materia coa súa actuación deben procurar transformar os valores sociais para acadar a corresponsabilidade e incrementar o coñecemento sobre as vantaxes dunha nova xestión dos tempos, incrementar a súa implicación e a doutros axentes sociais coa conciliación corresponsable e o cambio cultural nos usos do tempo e desde logo fortalecer os recursos de apoio á conciliación.

Pois ben, co fin de participar activamente na consecución dos obxectivos anteditos, o concello de Xove promove a creación do servizo de conciliación «Xove Concilia», sendo que a condición de servizo público local está directamente vinculada a que o servizo promovido teña cabida no ámbito das competencias que lle son propias ao ente local promotor.

O programa de conciliación «Xove Concilia» como servizo público pode enmárcase dentro das competencias municipais en materia de actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, prevista no artigo 25.2, letra o), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. A dita competencia propia dos concellos foi introducida polo lexislador estatal en virtude da Disposición derradeira primeira do Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en cuxo apartado VI da súa exposición de motivos xustifica a dita modificación legal sinalando que *“Unha das medidas máis urxentes a levar a cabo no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, é a que formula a necesidade de adoptar as modificacións legais oportunas para que a Administración local poda levar a cabo actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero, xa que se trata da administración máis achegada á cidadanía e, por ende, ás vítimas [...]”*.

O dito precepto da lei reguladora do réxime das entidades locais está vinculado co artigo 14.8 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que establece, entre os criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos, o relativo ao establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e os homes.

Pola súa parte, o artigo 80.2 o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, atribúe competencias aos concellos para executar programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade, no que, sen dúbida, tamén ten cabida o servizo «Xove Concilia».

Dito o cal e como se desprende do propio literal dos artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, os ditos preceptos non atribúen material e directamente competencias senón que reservan unha esfera mínima de materias nas que esta clase de administracións públicas deben contar con competencias formais sendo a lexislación estatal ou autonómica sectorial correspondente a que determina o seu verdadeiro contido e alcance.

Sendo isto así, cómpre sinalar que o artigo 139.3.c) da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, establece que a consellería con competencias en materia de igualdade debe fomentar “[...] a colaboración e coordinación coa Administración local para deseñar e implantar programas e medidas de conciliación e promoción da igualdade entre mulleres e homes”. Precepto este último e, por ende, marco de colaboración entre a administración autonómica e local, desenvolto polo Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, nos termos establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, que enmarca e delimita o contido e alcance da competencia dos concellos para crear un programa de conciliación como servizo público local.

Recoñecida pois a presenza dun título competencial na materia e por aplicación do disposto na definición legal do servizo público previsto no artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procede a creación do programa de conciliación «Xove Concilia» como servizo público local, así como, a oportuna regulamentación do dito servizo.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto do regulamento.

Mediante a presente regulamento, constitúese o servizo de «Xove Concilia» como unha medida municipal de conciliación, constituído a fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes por medio de facilitar a unhas e outros a conciliación dos seus tempos persoais, familiares e laborais, ao amparo do previsto no artigo 3º do Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, nos termos establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Datos identificativos do Servizo

- Nome do servizo: Xove Concilia
- Enderezo: Camiño Real s/n Xove
- Titularidade: Concello de Xove
- Representante legal: persoa titular da Alcaldía
- Tipo de xestión: indirecta mediante fórmula contractual

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

Constitúe o ámbito de aplicación da presente regulamento o servizo «Xove Concilia», que se configura como servizo municipal de promoción e conciliación que se materializa na organización e desenvolvemento de actividades lúdicas, deportivas e educativas en horario de mañá nos períodos vacacionais de verán, nadal, semana santa e aqueles outros períodos non lectivos que o concello estime preciso garantir o servizo.

Artigo 3.- Definición do servizo Xove Concilia.

1. O servizo «Xove Concilia» defínese como acción dirixida a promover e permitir a conciliación da vida laboral e familiar fomentando a corresponsabilidade entre mulleres e homes por medio de facilitar a unhas e outros a conciliación dos seus tempos persoais, familiares e laborais, a través da realización cos menores en períodos vacacionais, de actividades de calidade que promovan valores sans e saudables na ocupación do tempo libre.

2. O servizo constitúese a fin de garantir a dita conciliación permitindo a participación de nenos e nenas de ata 10 anos de idade.

Artigo 4.- Obxectivos do servizo.**1. Respecto aos nenos e nenas:**

- Contribuír ao enriquecemento persoal dos nenos e nenas mediante aprendizaxes non formais no desenvolvemento dos grupos desde a educación en valores, poñendo en valor o tempo libre e os campamentos como espazos educativos.
- Fomentar actitudes de solidariedade e hábitos de convivencia, procurando a mellora das habilidades sociais e a adquisición de competencias para a solución pacífica de conflitos.
- Desenvolver a autonomía persoal e fomentar a participación activa das persoas usuarias favorecendo, asemade, a cohesión de grupo e traballo de equipo.
- Educar desde a igualdade en materia de xénero, sexualidade, identidade e orientación sexual.
- Promover situacións multiculturais e de intercambio de experiencias, salientar o valor da diversidade e acadar a inclusión de todas as persoas participantes.
- Cando haxa participantes con discapacidade, fomentar especialmente, a súa participación nas actividades e favorecer a integración no grupo, tratando de desenvolver ao máximo as posibilidades dos grupos como espazo para normalizar, potenciar e poñen en valor as capacidades das persoas con diversidade funcional.
- Fomentar o respecto pola identidade cultural galega e promover o uso do galego.
- Fomentar os hábitos de vida saudable.
- Respetar o medio ambiente e fomentar as boas prácticas ambientais, traballando o ecoloxismo a conservación e o desenvolvemento sostible.
- Garantir un marco de estrita observancia das medidas de seguridade obrigadas tanto na instalación e na convivencia diaria como na práctica das actividades e nos desprazamentos.
- Crear un espazo lúdico que favoreza a interacción entre iguais, o desenvolvemento da capacidade simbólica e a creatividade.
- Conseguir que as nenas e nenos participantes desenvolvan unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre.
- Transmitir coñecementos que permitan o desenvolvemento das capacidades físicas, a disposición ao esforzo persoal e ás capacidades sociais, o traballo en equipo, a solidariedade, a amizade, a tolerancia e o xogo limpo.
- Aprender a coñecer, valorar e respetar a contorna natural e cada un dos elementos que a integran.
- Estimular a adquisición de novas habilidades e destrezas despertando a sensibilidade estética e a creatividade.
- Aprender a gozar da actividade física por medio da educación psicomotriz e a actividade físico-deportivas.
- Asentar as bases físicas, motrices e psicosociais para o desenvolvemento futuro da educación integral da persoa.
- Impulsar a aceptación da diferenza e a diversidade como elementos positivos e promover a tolerancia entre persoas.

2. Respecto ás familias:

- Dar un servizo de conciliación da vida familiar, profesional e persoal das familias.
- Garantir un complemento educativo ás familias.

3. Respecto ao concello de Xove:

- Garantir o carácter da educación, a cultura e o deporte como servizo público capaz de compensar as desigualdades existentes no seo da sociedade.
- Incorporar a iniciativa educativa do concello, recollendo a súa experiencia e garantindo a calidade da oferta de actividades de extensión educativa.
- Estender a atención socioeducativa ao alumnado en períodos non lectivos.
- Atender ás nenas e nenos participantes contando con persoal especializado.
- Optimizar o uso das instalacións e equipamentos municipais.

CAPÍTULO II. DEREITOS E OBRIGAS.

Artigo 5.- Obrigas das familias ou representantes legais.

Son obrigas das familias ou representantes legais das crianzas:

- Cumprir as normas que estableza a concello para o seu bo funcionamento do servizo recollidas no presente regulamento.
- Manter e observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde ou malestar sexa conveniente que o menor deba ausentarse do servizo de conformidade co previsto neste regulamento.

Artigo 6.- Dereitos dos/as usuarios/as e familias do servizo.

1. Os/as nenos/as usuarios/as terán os seguintes dereitos:

- Acceso ao servizo e a recibir dito servizo sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do servizo como das demais persoas usuarias.
- Ao sxiilo profesional sobre os datos do seu historial sanitario e socio familiar.
- Á intimidade persoal.
- A recibiren as actividades propias do servizo dirixidas ao fomento na tolerancia, na igualdade e na convivencia, e a posibilitarlles que poidan facer uso das súas opcións de xeito libre e persoal.

2. Os pais, nais e /ou representantes terán dereito a:

- A deixar de utilizaren os servizos por vontade propia.
- A teren información de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto dos/as menores e a pediren explicación de canto afecte ao/á seus neno/a.
- A ter acceso á documentación interna do servizo.

Artigo 7.- Normas de saúde, hixiene persoal e conduta.

1. Normas de saúde aplicable ao servizo «Xove Concilia»:

- Os/as nenos/as deberán acudir ao servizo en condicións correctas de saúde e hixiene.
- Non serán admitidos no servizo os/as nenos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas.
- Igualmente, os/as nenos/as permanecerá na casa cando tivese máis de 38º C de febre, diarrea (máis de 3 deposicións anormais ao día), vómitos ou enfermidade contaxiosa (rubéola, papeiras, sarampelo, etc.). De aparecerlle calquera destes síntomas mentres permanece no servizo será posto en coñecemento dos proxenitores ou representantes legais para estes recolleren a crianza antes posible.
- No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio servizo, avisaranse aos seus proxenitores ou representantes legais para que procedan á súa recollida.
- No caso de enfermidade ou accidente, logo das primeiras atencións, porase esta circunstancia en coñecemento dos proxenitores ou representantes legais, se for o caso, que deberán acudir ao centro para facerse cargo do neno ou nena.
- A falta de asistencia debido a enfermidade ou a outras circunstancias deberá comunicarse polas familias ou representantes legais á OMIX.
- O persoal do servizo non administrará medicación ás crianzas en ningún caso.

2. Normas de hixiene persoal aplicable ao servizo «Xove Concilia»:

- Os/as nenos/as terán que acudir sen cueiros.
- Calquera situación anómala que manifeste os/as nenos/as deberá ser comunicada polas familias no menor tempo posible.
- Os/as nenos/as acudir ao servizo con roupa que lles permita moverse con plena comodidade.

3. Normas de conduta persoal aplicable ao servizo «Xove Concilia»:

- Manter e observar de mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- Gardar unha conduta de respecto e colaboración ao grupo e persoal a cargo dos/as usuarios/as.

- Coidar o material e instalacións nos que se desenvolva a actividade en cada caso.
- Non se admitirán agresións reiteradas, calquera que sexa a súa intensidade, a outro/a usuario/a ou coidador/a.

Artigo 8.- Promoción da igualdade entre os/as nenos/as.

O servizo deberá poñer especial énfase en promover a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os/as nenos/as. Será o cerne de todas as actividades que se desenvolvan no servizo e reflectirase non só nas actividades e no material de traballo senón tamén no comportamento habitual de todo o persoal.

Artigo 9.- Uso da lingua.

O persoal do servizo usará na aula a lingua materna predominante entre os/as nenos/as, terá en conta a lingua do contorno e coidará que as crianzas adquiran o coñecemento da lingua cooficial de Galicia.

CAPÍTULO III. FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

Artigo 10.- Idades de ingreso e permanencia

1. A actuación dentro do servizo «Xove Concilia» está dirixida a menores de idades comprendidas entre os 3 e 10 anos. As actividades organízanse mediante a división das nenas e nenos participantes diarios en grupos por estadios evolutivos.

- Idade mínima: ter feitos os tres anos na data de ingreso ou cumprir dita idade antes de finalizar o ano natural no que se presta o servizo.

- Idade máxima: non ter cumpridos os once anos ao 31 de decembro do ano de ingreso.

2. Constitúense dos grupos para a atención adecuada dos menores ao seu estadio evolutivo cun grupo 1 integrado por nenos/as de 3 a 6 anos, e un grupo dous integrado por nenos/as de 7 a 10 anos.

3. Para cada período de prestación do servizo segundo o previsto no artigo seguinte, cada grupo contará cun máximo de cincuenta (50) nenos/as por grupo de idade, acadando un máximo na prestación do servizo de cen (100) nenos/as. Se por falta de demanda, calquera dos grupos non acada a número máximo previsto, as prazas vacantes serán ofertas no caso de existir demanda para a súa cobertura con nenos/as do outro grupo no que se divide o servizo.

4. Igualmente, para cada período de prestación do servizo segundo o previsto no artigo seguinte, será preciso contar cun número mínimo de dez (10) nenos/as por grupo de idade, acadando un mínimo para a prestación do servizo de vinte (20) nenos/as. Se por falta de demanda, calquera dos grupos non acada a número mínimo previsto pero no conxunto dos dous grupos acadasen o número mínimo de vinte (20) nenos/a, garantirase a prestación do servizo igualmente.

Artigo 11.- Períodos de prestación do servizo.

1. O prazo de execución abranguerá os seguintes períodos:

- Tempada de verán: período non lectivo entre a última semana do mes de xuño e a primeira semana do mes de setembro.
- Tempada de nadal: período non lectivos de nadal
- Tempada de semana santa: período non lectivos da Semana Santa.
- Tempadas extraordinarias: período non lectivo que estime conveniente o concello de Xove

2. A adxudicación de praza na tempada de Nadal; na tempada de Semana Santa; así como, nas tempadas extraordinarias terá lugar polo prazo íntegro da dita tempada:

- Período Nadal: no período non lectivos de nadal
- Período Semana Santa: no período non lectivos da Semana Santa.
- Período extraordinario: no período non lectivo que estime conveniente o concello de Xove

3. A tempada de verán estará dividida nos seguintes períodos a fin de garantir un uso adecuado do servizo, debendo formular solicitude de servizo para aquel/es períodos nos que lle sexa necesaria a prestación do servizo por motivos de conciliación sen que exista limitación no prazo máximo para o que poderán solicitar o servizo dentro dos ofertados:

- Período 1: Última semana de xuño dende a finalización do período escolar.
- Período 2: Primeira quincena do mes de xullo.
- Período 3: Segunda quincena do mes de xullo.
- Período 4: Primeira quincena do mes de agosto.
- Período 5: Segunda quincena do mes de agosto.
- Período 6: Primeira semana de setembro.

Artigo 12.- Lugar de prestación do servizo.

Os servizo obxecto do contrato prestarase con carácter xeral no CEIP Pedro Caselles e na Casa do Director salvo as actividades realizadas fóra das ditas instalacións.

Artigo 13.- Horarios mínimos de prestación do servizo.

1. Non se prestará o servizo durante os días festivos e fins de semana. Os días concretos de prestación do servizo virán determinados polo calendario que elabore a OMIX do Concello de Xove.
2. O horario do programa será como mínimo o seguinte: de 08:45 a 14:00 de luns a venres.
3. Na entrada e na saída dos/as nenos/as deberanse respectar os horarios co obxectivo de manter a continuidade do servizo.
4. Só poderán recoller aos/as nenos/as as persoas autorizadas polo pais, nais ou representantes legais. O persoal do servizo está obrigado a solicitar o DNI ou documento identificativo equivalente á persoa que veña recollela non caso de non coñecela e comprobar se está na listaxe de persoas autorizadas.

Artigo 14.- Actividades a desenvolver no servizo.

1. As actividades principais a desenvolver no servizo estará compostas cando menos, polas seguintes actividades:

- ACTIVIDADES TEMÁTICAS SEMANAIS NON COINCIDENTES, nas que se traballen de forma transversal a temática de igualdade de xénero.
- ACTIVIDADES EMPREGANDO MANUALIDADES: costura, creación de monicreques ou marionetas, creación de instrumentos musicais, plastilina, etc.
- ACTIVIDADES DIDÁCTICAS: quebracabezas, mandalas, bloques de construción, sopas de letras, xogos de memoria, tangram, experimentos, momentos de lectura, etc.
- ACTIVIDADES DEPORTIVAS: xogos pre-deportivos, xogos de psicomotricidade, xogos para favorecer a integración do grupo, etc.
- ACTIVIDADES LÚDICAS SEMANAIS: excursións dentro do Concello de Xove, xogos no parque municipal, visitas á biblioteca, mercado municipal, xogos de mesa, etc.
- ACTIVIDADES CREATIVAS: pintura, teatro, música, etc.
- XOGOS ALTERNATIVOS E OUTRAS ACTIVIDADES.
- E outras actividades xenéricas como: actividades artísticas; actividades formativas; xogos populares e tradicionais; deportes e prácticas predeportivas; actividades musicais; danza e expresión corporal; psicomotricidade; actividades escénicas, teatrais e vocais; actividades circenses; actividades audiovisuais e comunicativas; actividades transversais -educación para a convivencia, a paz, coeducación, consumo responsable, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, etc-; e actividades culturais.

2. Xunto ás actividades principais descritas no apartado anterior, realizaranse a excursión á praia e a práctica de xogos e deportes en contornas naturais, co fin de promover a interacción dos/as nenos/as coa contorna do concello.

CAPÍTULO IV. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E BAIXAS.**Artigo 15.- Criterios de admisión.**

1. A adxudicación de prazas terá lugar para cada período dos que compoñen o servizo aplicando os seguintes criterios de prioridade:

- En primeiro lugar obterán praza, aqueles nenos e nenas que acrediten que polo menos un dos proxenitores ou ascendente ata segundo grado de consanguinidade estea empadroado no Concello de Xove cunha antelación mínima á data de apertura do prazo de inscrición de catro (4) meses, así como, fillos/as do persoal do Concello de Xove.
- De existiren prazas vacantes poderán acceder ao servizo as fillas e os fillos de persoas que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo nunha empresa con sede social ou órgano da administración que radique no concello de Xove. Esta situación deberá acreditarse cun certificado da empresa ou da institución correspondente.
- En terceiro lugar, e sempre que haxa prazas vacantes poderán acceder tamén persoas dos concellos limítrofes ou próximos. Para isto será necesario achegar o certificado de empadramento do/a neno/a e de polo menos dun dos proxenitores ou representante legal.

2. A solicitude de novo ingreso farase segundo o modelo que se facilitará na OMIX do Concello de Xove, nas propias dependencias da OMIX deste concello. Dende as dependencias municipais, prestarase a colaboración precisa ás persoas usuarias para cubriren a solicitude a fin de que os datos estean debidamente cubertos. A sinatura da solicitude suporá a aceptación e coñecemento do presente regulamento.

3. Para cada período vacacional -verán, nadal e semana santa- incoarase o oportuno proceso de adxudicación, cunha antelación mínima de 20 días naturais ao comezo das actividades segundo o establecido na oportuna resolución de Alcaldía.

Artigo 16.- Documentación.

1. A solicitude de novo ingreso presentarse no prazo concedido na resolución de convocatoria, acompañada da seguinte documentación:

- Solicitude de praza no modelo normalizado entregado pola OMIX do Concello de Xove.
- Todos os proxenitores ou representantes das crianzas facilitarán información dos datos persoais do menor, os datos das persoas responsables do/a menor, teléfonos de contacto, correo electrónico, posibles alerxias e outras enfermidades infecto-contaxiosas, así como calquera outra que necesite dun tratamento específico.
- Fotocopia do Libro de Familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Fotocopia do DNI ou outro documento acreditativo da identidade das/os nais/pais ou representantes legais segundo proceda.

2. Cando a solicitude non reúna os requisitos establecidos no apartado anterior, poderase requirir á persoa interesada para que emende os erros ou a falta de documentos preceptivos nun prazo de dez días hábiles, con indicación de que, de o non facer, a súa petición terase por desistida.

3. A efecto de aplicar os criterios de admisión previstos neste regulamento, xunto á documentación previsto no apartado primeiro deste artigo, a solicitude de novo ingreso presentarse acompañada da seguinte documentación:

- Certificado de empadramento dun dos proxenitores ou ascendente ata segundo grao de consanguinidade que será expedido polo Concello de Xove.
 - Certificado no que se acredite a condición do proxenitor como traballador/a do Concello de Xove.
 - Nos casos de non estar censado no Concello de Xove, pero algún dos proxenitores ou representante legal da crianza teñan os seus postos de traballo no municipio de Xove, achegarase o certificado da empresa ou da institución correspondente.
 - No caso de estar censado nun concello limítrofe (Cervo, Viveiro ou O Valadouro) a aquel onde radique o servizo, certificado de empadramento do concello do que procede
4. A falta de presentación dalgún dos documentos descritos no apartado terceiro deste artigo, dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia a ser valorado no apartado correspondente dos criterios de adxudicación aplicables, non sendo documentación susceptible de emenda.
5. A solicitude de adxudicación de praza terá lugar ben na OMIX ou ben no rexistro electrónico aloxado na sede electrónica do Concello de Xove (<https://xove.sedelectronica.gal/info.0>).

Artigo 17.- Adxudicación provisional de praza.

1. As vacantes serán adxudicadas provisionalmente ás persoas solicitantes de novo ingreso segundo os criterios de prioridade anteriormente recollidos, establecendo dentro de cada suposto a prioridade das solicitudes por estrito orde de rexistro.

2. Aprobada a oportuna resolución de alcaldía de adxudicación de praza, procederase a dar publicidade a través do taboleiro de anuncios electrónico sito na sede electrónica do Concello de Xove.

3. Para o suposto de que existen prazas vacantes no servizo unha vez completo o proceso de admisión, caberá a posibilidade de aceptar solicitudes de novo ingreso que non obtivesen praza e previstas na lista de reserva, sendo posible en último termo, adxudicar praza a solicitudes extemporáneas no caso de manterse a/s vacante/s unha vez esgotada a lista de reserva.

4. As adxudicacións de prazas vacantes terá lugar mediante a oportuna resolución de alcaldía de adxudicación que se notificará individualmente ao/s proxenitor ou representante do menor.

Artigo 18.- Reclamación contra a listaxe provisional.

As persoas solicitantes que resultaren excluídas disporán dun prazo de dous días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para efectuar as reclamacións oportunas que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Xove e irán dirixidas á persoa titular da Alcaldía do mesmo.

Artigo 19.- Relación definitiva de persoas admitidas e listaxe de agarda.

1. Unha vez resoltas todas as reclamacións presentadas no Concello de Xove, elevarase a definitiva a listaxe de crianzas admitidas e a listaxe de agarda.

2. A resolución será publicada a través do taboleiro de anuncios electrónico sito na sede electrónica do concello de Xove.

3. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante ao Concello de Xove ou directamente o recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación perante os xulgados do contencioso-administrativo competentes, todo isto sen prexuízo de que se interpoña calquera outro recurso que estime pertinente en defensa dos seus intereses e intereses lexítimos.

Artigo 20.- Baixas.

Causarase baixa no servizo por algunha das causas seguintes:

- a) Incumprimento da idade máxima de permanencia no servizo.
- b) Por solicitude dos pais/nais ou representantes legais.
- c) Por comprobación da falsidade dos datos ou documentos achegados.
- d) Por falta de asistencia continuada durante tres (3) días continuados ou máis de catro (4) días alternos nos períodos quincenais, así como, falta de asistencia dun (1) día ou máis de dous (2) días alternos nos períodos semanais, sen causa xustificada.
- e) Por incumprimento reiterado das normas de saúde, hixiene e conduta persoal previstas no artigo 7 deste regulamento, entendendo que se produce reiteración cando estas condutas teñan lugar en dúas ocasións nun período de cinco días.

Artigo 21.- Continuidade do servizo.

1. O concello de Xove garante a prestación do servizo.

2. Co fin de garantir aos particulares o dereito a utiliza o servizo nas condicións establecidas neste regulamento, no caso de ser obxecto de prestación indirecta a través dun contrato de concesión de servizos ou ben de servizos, ante a extinción do mesmo por calquera causa o contratista deberá seguir prestando o servizo ata que se formalice o novo contrato

Disposición derradeira única.

O presente Regulamento entrará en vigor logo de transcorrer o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado, comezando a aplicarse no momento do transcurso de dito prazo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Xove, 6 de agosto de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2299

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) - LUGO

Anuncio

CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA E EXCEPCIONAL Á ENTIDADE FORO ENRIQUE PEINADOR (CO GALLO DA CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DO 1º CONGRESO DE ECONOMÍA GALEGA: INVESTIMENTO -REALIZACIÓN E COLOCACIÓN- DUN BUSTO DE BRONCE CONMEMORATIVO DO EMPRESARIO ÁLVARO GIL VARELA)

BDNS (Identif.): 850559

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/850559>)

CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA E EXCEPCIONAL Á ENTIDADE FORO ENRIQUE PEINADOR (CO GALLO DA CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DO 1º CONGRESO DE ECONOMÍA GALEGA: INVESTIMENTO -REALIZACIÓN E COLOCACIÓN- DUN BUSTO DE BRONCE CONMEMORATIVO DO EMPRESARIO ÁLVARO GIL VARELA)

Con data 6 de agosto de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar a autorización e disposición do gasto, dunha subvención directa e excepcional, por importe de 3.894€ a favor da entidade FORO ENRIQUE PEINADOR - CIF G27710219, e con cargo á aplicación orzamentaria 24100.48900 do vixente presuposto municipal (RC 2025/47764).

SEGUNDO.- O obxecto da subvención é a execución dun proxecto único e cunhas actividades singularizadas que na actualidade só realiza o Foro Peinador, polo que non resulta posible promover a concorrência pública para a súa realización. Trátase dunha actuación non previsible, e que por iso non foi recollida no orzamento anual 2025 (bases de execución no apartado de subvencións), xurdindo a posteriori; igualmente é unha actuación puntual e non reiterada no tempo e que reviste un interese público e social. A actuación concreta é a de, e como broche final, a celebración do acto do centenario do 1º Congreso de Economía de Galicia, o investimento (realización e colocación) dun busto de bronce conmemorativo do empresario Álvaro Gil Varela, contribuíndo economicamente ao devandito gasto o Concello de Lugo como administración coorganizadora con 3.894€, a Deputación Provincial de Lugo con 3.894€ e a Xunta de Galicia (S. Xeral da Lingua) con 3.894€. O custo total do monumento de bronce ascende a 11.682 euros.

O prazo de realización para a realización da actividade ou proxecto será dende o 01.01.25 ó 31.12.25.

Serán gastos subvencionables os aboados dentro deste prazo e excepcionalmente poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior, pero que figuren como aboados no momento de remate do prazo de xustificación.

Pagamento da subvención:

Da cordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei Xeral de Subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención, en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, sen necesidade de solicitude previa por parte da entidade beneficiaria e con dispensa de garantía.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente a documentación xustificativa esixida finalizada a data límite de xustificación e tralos correspondentes trámites oportunos.

Data límite para xustificar:

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do 31 de xaneiro de 2026.

Período subvencionable:

Os pagos deberán ser realizados pola Entidade subvencionada entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025.

Lugo, 6 de agosto de 2025.- O ALCALDE, Excmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez.

R. 2300